



Galicia

Diario dixital da UGT de Galicia

GALICIA
LABORAL**LOITA**
polo **TEU****ÚNETE**

ISSN 1989-3299

Nº 809 Semana do 26 de novembro ao 2 de decembro de 2018

MANIFESTACIÓN HISTÓRICA EN SARGADELOS CONTRA A PERSECUCIÓN SINDICAL E OS DESPEDIMENTOS NA FÁBRICA

Redacción. Unha delegación de UGT, encabezada polos secretarios xerais de UGT, Pepe Álvarez; UGT-Galicia, José Antonio Gómez; UGT-Lugo-Lemos-Costa, Ángel Tomé; FICA, Pedro Hojas; e FICA-Galicia, Javier Carreiro, participou o pasado venres na multitudinaria manifestación contra a persecución sindical e en solidariedade con Rogelia Mariña e os traballadores despedidos en Sargadelos.

Unha manifestación “para mostrar o noso apoio total a Rogelia, a todos os compañeiros e compañeiras que defenden a UGT e a todos os traballadores e traballadoras que ven menoscabados os seus dereitos laborais e sindicais”.

“Non estades sós, UGT vai estar sempre ao voso lado”, resaltaron os dirixentes sindicais. Rogelia é un exemplo de sindicalismo, de loita e de defensa das compañeiras e compañeiros. É lamentable que teñamos que dicir que unha persoa como Rogelia, por cumprir coa súa obrigaición como delegada de persoal e manterse firme ante as presións dun empresario, fose coaccionada e represaliada na súa empresa”.

“Unha muller que entrou a traballar en Sargadelos con 14 anos, que o seu pai perdeu a vida na fábrica nun accidente, que leva 44 anos traballando na empresa (30 deles como delegada sindical), e, na etapa anterior, foi proposta para formar parte do Consello de Administración”. “É unha historia triste e vergoñosa que rompe cunha traxectoria histórica en Sargadelos”. Unha historia que xorde cando UGT denunciou este verán a campaña de difamación contra a representante do sindicato na empresa, “un dos ataques á liberdade sindical máis descarado dos últimos anos, só por defender aos traballadores e esixir o cumprimento do convenio colectivo en todos os seus ter-

mos e condicións”.

Neste sentido, UGT denuncia que, “agora, como o despedimento de Rogelia foi considerado nulo polo xulgado do social e obrígase á empresa a indemnizala con 30.000 euros por danos morais, o administrador único a ameaza e a coacciona non só a ela, senón a todos os traballadores e traballadoras da empresa para que a deixen de lado”.

En pleno século XXI, non podemos permitir que existan administradores únicos, directivos de empresas, xefes de persoal, etc. que crean que poden pisar os dereitos fundamentais de traballadores e traballadoras, e dos seus representantes”. Por iso, “UGT non se vai a quedar calada ante estas inxustizas. Estamos a utilizar todos os medios legais, xudiciais e sindicais para acabar con esta situación. Iremos empregar toda a firmeza ata que consigamos asegurar a viabilidade da planta, que se restitúan os dereitos de Rogelia e de todos os compañeiros e compañeiras de Sargadelos”.

“Que estean tranquilos os traballadores de Sargadelos”. “Se UGT cobra algunha indemnización vai ir a parar aos traballadores despedidos, que foron obxecto das represalias deste individuo. O futuro de Galicia



non se vai a facer con salarios de miseria nin vulnerando os dereitos sindicais, farase con calidade, mantendo unha marca como Sargadelos que forma parte do patrimonio cultural de Galicia”.

Estas foron as mensaxes que os responsables do Sindicato transmitiron durante a manifestación que saíu do pobo de Cervo e rematou fronte á fábrica de Sargadelos.

Foi aquí onde interviñeron, José Antonio Gómez, Pepe Álvarez e Pedro Hojas.

Gómez retrotraeuse á figura de Isaac Díaz Pardo que púxose ao

Continúa na páxina seguinte...

...vén da páxina anterior.

fronte dun proxecto capitalista pero social, galeguista e socialista. Ideas todas elas que continúan vivas na UGT e nos traballadores como Rogelia.

Tamén fixo un chamamento ao resto dos traballadores, que non son culpables de nada, senón que son vítimas do medo e do acoso do empresario e UGT está “aquí hoxe para animalos a que continúen denunciando”.

Álvarez, pola súa banda, insistiu en que UGT vai seguir traballando para restablecer os dereitos e liber-

dades na fábrica de Sargadelos. O Sindicato nunca se vai tomar a xustiza pola súa man nin caer en provocacións. Engadiu que UGT non está para pechar a empresa, como din algúns, senón para conseguir que Sargadelos volva a ser insignia da cultura galega e unha insignia de dereitos e acción social. Porque con estes criterios fundouse Sargadelos e non baixo o criterio da prepotencia e despotismo que algúns están facendo imperar hoxe.

Nesta mesma liña pronunciouse o secretario xeral de UGT-FICA, Pe-



dro Hojas, quen afirmou que “hoxe estamos aquí pola dignidade dos traballadores e sindicalistas e tamén para defender e apoiar a Rogelia”.

O FUTURO DO TRABALLO QUE QUEREMOS: UNHA SOCIEDADE MÁIS INCLUSIVA, XUSTA E PRÓSPERA

José Antonio Gómez intervén na xornada autonómica tripartita sobre o futuro do traballo que queremos en Galicia que se está a desenvolver hoxe en Santiago

Redacción.- Hoxe está a desenvolverse en Santiago a xornada autonómica tripartita “O futuro do traballo que queremos en Galicia”. No acto de apertura entrevistou o secretario xeral de UGT-Galicia, José Antonio Gómez, xunto co conselleiro de Economía, Emprego e Industria, cos secretarios xerais dos outros sindicatos, a CEG e o director da oficina da OIT.

Ao longo da mañá están previstas dúas mesas sobre o “Traballo e sociedade e traballo decente”, na que intervirá, entre outros, o secretario de Política sindical de UGT, Gonzalo Pino. Na segunda mesa tomará a palabra a secretaria confederal de UGT Isabel Araque.

Na súa intervención, o secretario xeral de UGT-Galicia adiantou que “todos podemos ter unha idea e unha perspectiva do traballo que queremos en Galicia, que mercado laboral queremos configurar entre todos para o futuro, pero esta visión non pode escapar á realidade que vivimos porque será moi difícil construír un futuro laboral máis xusto e inclusivo para todos se non arraxamos as eivas que ten o mercado laboral do presente, que aínda son moitas e dañinas para un sector moi amplo da nosa sociedade”.

Explicou que dende UGT partimos do precepto de que é preciso camiñar cara unha sociedade máis inclusiva, xusta e próspera e, se ben é certo que o noso país está a medrar, así o ratifican os principais indicadores macroeconómicos, tamén o é que medra con péis de barro.

Despois dunha profunda e dramática crise, recuperamos o alento pero dando demasiados pasos en falso e seguindo de novo a senda equivocada. O noso país medra a costa da precarización dos traballadores, as cifras de desemprego seguen a ser demasiado elevadas; a situación dos máis mozos e as persoas desempregadas maiores de 55 anos segue a ser moi preocupante; as desigualdades incrementáronse e a brecha salarial. Contratos temporais, parcialidade involuntaria e baixos salarios son o pan de cada día para moitos traballadores. Todo isto está a conducir a un inevitable risco de pobreza e exclusión social, incluso daqueles que teñen un posto de traballo.

Os profundos desequilibrios estruturais do noso modelo socioeconómico favorecen unha recuperación fráxil, precaria e insostible. Neste contexto urxe un cambio de modelo económico e produtivo que debe sustentarse na industria, nos empregos verdes e en que se explore o nicho dos servizos sociais, todo isto nun contexto de economía circular onde se garanta o respecto ao medio ambiente, unha maior calidade de vida no presente e no futuro, a xeración de emprego estable e de calidade e unha maior protección social.

Poñendo a mirada no futuro, atrevome



a afirmar que a crise do traballo que as sociedades europeas veñen sufrindo dende finais do século pasado en favor da mercantilización da economía e o emprego, intensificouse nos últimos anos e todo apunta a que na que xa denominan “Cuarta revolución industrial” vai seguir apostando con máis dureza se cabe pola mercantilización da sociedade no seu conxunto.

Auguro que a curto prazo esta revolución provocará a perda de empregos, en especial daqueles de baixa ou media cualificación, e a substitución de empregos estables por empregos precarios e peor remunerados. Para sortear este augurio, as administracións deberían reforzar o obxectivo do pleno emprego como eixo da súa acción política, co fin de evitar as fatais consecuencias que unha importante redución

Continúa na páxina seguinte...

[...vén da páxina anterior.](#)

de emprego puidera ter en termos de acentuamento das desigualdades, a pobreza e a exclusión social.

A dixitalización tamén suscita interrogantes sobre a calidade do emprego. Baixo o paraguas da economía dixital, as empresas inclínanse polo impulso de mecanismos atípicos de contratación, que xeran, ademais de salarios moi reducidos, importantes carencias de protección social, inestabilidade, inseguridade no emprego, incertidume....

Tamén deberíamos apostar todos por unha transición xusta a un modelo económico máis sostible, incidindo nun dobre eixo de actuación: potenciar a modernización dos sectores tradicionais e o desenvolvemento doutros emerxentes. Isto pasa por apostar por unha política industrial realmente efectiva. Ademais, urxen políticas orientadas á redistribución das rendas xeradas polo sector máis produtivo cara o resto da sociedade, mediante o desenvolvemento de novos bens e servizos de cali-

dade que cubrirán novas demandas sociais, garantindo en paralelo a mellora dos niveis de benestar social. A reorientación do modelo produtivo debería implicar transformacións significativas na organización e funcionamento das empresas, que propicien o tránsito dun modelo de competencia baseado de forma maioritaria na redución de costes e prezos, a outro orientado cara a innovación, o investimento produtivo, os produtos e servizos de maior valor engadido e calidade de emprego.

Neste contexto hai que repensar o actual modelo social e implementar un novo contrato social no que os dereitos fundamentais teñan prioridade sobre as liberdades económicas, no que se de prioridade aos servizos públicos esenciais.

O futuro do traballo representa unha serie de importantes desafíos aos que todos os actores temos que facer fronte de forma conxunta e coordinada co obxectivo de gozar dunha sociedade do futuro na que governe a ética, a paz, a xustiza social e a igualdade.

Os cambios que xa están asomando esixirán a implicación de todos, non para impedir o avance ou desenvolvemento da tecnoloxía, senón para evitar ou minimizar as súas negativas consecuencias sobre o emprego e a sociedade. O diálogo social tripartito debe activarse para atopar solucións xustas que dean resposta ao proceso de cambio que se avexiña. A negociación colectiva será tamén parte importante neste proceso de cambio e adaptación para lograr alcanzar unha dixitalización xusta.

O futuro do traballo debe supoñer un reto e unha oportunidade. Non pretendemos impedir o avance da dixitalización e a innovación tecnolóxica, que contribúe en gran medida ao desenvolvemento industrial e xera beneficios sociais e riqueza, o cal, por outra banda, sería en vano. Sen embargo, os sindicatos non podemos obviar os riscos. Temos que traballar para que o futuro non implique maior desregulación do mercado de traballo, destrución de emprego, precariedade laboral, deterioro das condicións de traballo e redución dos dereitos laborais, para que non comporte unha maior segmentación social, desigualdade e pobreza.

25N, DÍA INTERNACIONAL PARA A ELIMINACIÓN DA VIOLENCIA CONTRA AS MULLERES

PARA UGT-GALICIA, EMPREGOS DIGNOS E SALARIOS DE CALIDADE, PIARES FUNDAMENTAIS DA LOITA CONTRA A VIOLENCIA MACHISTA

En Galicia xa van tres mulleres asasinadas no que vai de ano, no 2017 presentáronse 6.436 denuncias e case 1.000 solicitudes de protección. Unha lacra que non cesa

Redacción.- Un ano máis, este 25 de novembro conmemorouse o Día internacional para a eliminación da violencia contra as mulleres. Nesta data UGT-Galicia denunciou, tamén un ano máis, que os asasinatos, a forma de violencia máis extrema, de mulleres a mans das súas parellas ou exparellas continúan sen parar. Dende o 1 de xaneiro de 2003 ao 19 de novembro de 2018 un total de 972 mulleres foron asasinadas en España, 58 delas galegas.

No 2018 a situación segue a ser insoportable, a 19 de novembro 44 mulleres foron asasinadas (13 delas interpuxeran denuncia previa), tres delas galegas, quedando orfos 35 menores e tres menores asasinados por mor tamén da violencia machista.

Concretamente, en Galicia no 2017 presentáronse 6.436 denuncias por violencia de xénero, incrementándose esta cifra progresivamente dende o ano 2012 no que se rexistraron 4.788 denuncias.

Sen embargo, chama a atención a alta porcentaxe de casos pechados por sobresemento (un 56,3% de media no primeiro semestre de 2018, datos estatais); unidos

estes ás sentenzas absolutorias e outros casos que non foron instruídos. Isto arroxa un número importante de denuncias que non rematan con sanción para o denunciado.

En canto ás solicitudes de ordes de protección, foron incoadas entre xaneiro e xuño de 2018 un total de 941, adoptadas 615, denegadas 317 e inadmitidas nove. Preocupa o número de denegacións, xa que como xa aconteceu nalgúns casos, a mulleres que foron asasinadas se lles tiñan denegado as ordes de protección. Os datos evidencian que o sistema e as políticas contra a violencia de xénero están a fracasar.

Aínda que non existe unha estatística oficial que recolla datos sobre a relación entre o desemprego e a violencia de xénero, é evidente que existe unha estreita conexión entre ambos indicadores.

A inserción laboral das vítimas debe estar garantida porque un emprego estable e un salario digno asegura autonomía

Neste senso, UGT avoga porque as administracións garantan a inserción laboral das mulleres que sofren violencia de xé-



nero. Un emprego digno asegura a súa autonomía. Segundo recolle o borrador do último informe do observatorio estatal de violencia sobre a muller de 2016, das 44 vítimas mortais por violencia de xénero dese ano, só o 41% estaban a traballar. Ademais, o total de contratos bonificados por violencia de xénero en 2016 supuxeron tan só o 0.009% do total da contratación feminina rexistrada e, desa contratación bonificada, case o 76% foi temporal.

En Galicia dende o 2003 ata setembro

[Continúa na páxina seguinte...](#)

...vén da páxina anterior.

de 2018 tan só se realizaron 375 contratos bonificados a mulleres vítimas de violencia de xénero, 54 o ano pasado, e 164 contratos de substitución dende 2005 a setembro de 2018, 29 no 2017.

Acoso sexual no traballo e o acoso por razón de sexo

O acoso sexual no traballo e o acoso por razón de sexo constitúen outra manifestación máis da violencia de xénero. Segundo os datos da Inspección de Traballo e Seguridade Social, entre 2008 e 2015, 2.484 mulleres víronse afectadas por infraccións en materia de acoso sexual no traballo, o que supón case unha diaria. E, ademais, como establece a recente resolución do Parlamento Europeo do 11 de setembro de 2018, un gran número de casos de acoso sexual no traballo non chegan a denunciarse como consecuencia da escasa sensibilización social ao respecto, o medo ao despedimento, a dificultade para conseguir probas, unhas insuficientes canles de denuncia...

Ante esta realidade, para UGT, é im-

prescindible adoptar medidas e políticas máis contundentes e eficaces contra as distintas formas de violencia machista. Non será posible acabar con esta lacra social mentres non poñamos fin á desigualdade e a discriminación á que se ven sometidas as mulleres en todos os ámbitos da vida.

Un destes ámbitos é o laboral, para o que son necesarios empregos e salarios dignos e de calidade. As estatísticas demostran que, con mellores empregos e condicións de traballo, as mulleres están máis protexidas e teñen máis recursos para calquera manifestación de violencia de xénero.

Por iso, o sindicato reclama a necesidade de derrogar as reformas laborais de 2010 e 2012, moi lesivas para colectivos tan vulnerables como as mulleres. UGT propón implantar protocolos de prevención e eliminación do acoso sexual nas empresas por lei, así como a formación obrigatoria para todas as persoas empregadas e cargos directivos nas empresas, ademais dos operadores implicados no control e sanción deste tipo de violencia no ámbito laboral.

O sindicato considera necesario un enfoque integral da violencia no lugar de traba-

llo, incluído o seu tratamento na normativa sobre prevención de riscos laborais, e o endurecemento das sancións deste tipo de comportamentos, o resarcimento adecuado do dano ás vítimas, a eliminación de trabas que dificultan a denuncia, a proba en vía xurisdiccional deste tipo de violencia e a adopción dun convenio internacional no seo da OIT que permita o tratamento específico da problemática da violencia e o acoso nos lugares de traballo, que defina un conxunto fundamental de principios que sustenten un enfoque inclusivo e integrado para a súa erradicación e que proporcione orientacións sobre como se deben aplicar estes principios.

Por outra banda, o Pacto de Estado contra a Violencia de Xénero, aprobado en setembro de 2017, resulta insuficiente para protexer de forma efectiva ás vítimas; e a Xustiza debe formarse e actualizarse para non situarse á marxe da sociedade e situarse á vangarda na defensa dos dereitos fundamentais das mulleres. A erradicación da violencia machista ten que ser obra de toda a sociedade. Tolerancia cero e loitar pola erradicación de todo tipo de condutas de violencia contra as mulleres e pola mellora dos seus dereitos e da súa protección deben ser os obxectivos transversais de todas as políticas no noso país.

FE SP DENUNCIA QUE A OFERTA DE EMPREGO DE SANIDADE IMPOSIBILITA O CUMPRIMENTO DO II ACORDO ESTATAL DE MELLORA DO EMPREGO PÚBLICO

Con só 401 prazas de estabilidade non se poderá situar a temporalidade por debaixo do 7% como prevé o Acordo e aínda menos chegar ao 5% como publicitou Sanidade

Redacción.- FeSP-UGT denuncia que a oferta de emprego da Consellería de Sanidade, coa convocatoria de 401 prazas de estabilidade, que representa só o 10% do total a estabilizar, determina a imposibilidade de que a Xunta de Galicia cumpra o II Acordo estatal de mellora do emprego público e das condicións de traballo e situar así a temporalidade por debaixo do 7%.

A oferta de emprego público da Xunta de Galicia de 1461 prazas no sector de Sanidade, descontadas as prazas de taxa de reposición (xubilacións, traslados, etc) do ano anterior, dá como resultado que as prazas que realmente oferta o Sergas para estabilización de emprego son 401.

Resulta imposible reducir a taxa de temporalidade ao 5% como publicitou Sanidade

401 prazas de estabilización no Sergas supoñen o 10% das prazas que terían que saír a estabilización na oferta pública de emprego (3.810 prazas). Con istoponse de manifesto que o Sergas está moi lonxe de alcanzar o obxectivo de reducir a porcentaxe

de temporalidade ao 5%, tan cacareado pola Consellería de Sanidade, o que certifica o incumprimento da Resolución do 22 de marzo de 2018 da Secretaría de Estado de Función Pública, pola que se publica o II Acordo Goberno-sindicatos para a mellora do emprego público e as condicións de traballo e a Lei 3/2017, do 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2017.

O 4 de maio de 2017 publicouse no DOG un mal chamado Plan de Estabilidade do Sergas, asinado polas organizacións sindicais CESM-O'MEGA, CSIF e SATSE, que hipoteticamente reduciría a porcentaxe de persoal temporal con respecto ao fixo do 8% actual, dato irreal posto que supera o 20%, ao 5%. Nada máis lonxe da realidade, perpetúase a precariedade no Sergas ao non estabilizar as vacantes xurdidas nos anos nos que o Sergas aplicaba unha salvaxe política de recortes e só se cubrían o 10% e, posteriormente, o 50% das vacantes con contratos estables de interinidade.

A día de hoxe, a pesar da falta de transparencia do Sergas e dunha máis que presunta falta de veracidade á hora de achegar os datos de prazas ocupadas por persoal

temporal, contando as prazas que saíron a concurso de traslados (100% de vacantes ocupadas, prazas ocupadas con servizos determinados e prazas ocupadas con acumulacións de tarefas), podemos afirmar que, polo menos, 5.539 persoas traballadoras do Sergas son temporais.

Para que Galicia deixe de ser o faroliño vermello en precariedade laboral e contratos lixo, é necesario que, como mínimo, engádanse 3.810 prazas adicionais á taxa de reposición nas futuras ofertas de emprego

UGT esixe ao Sergas que nas ofertas de emprego de 2018 e 2019 inclúa 3.810 prazas a maiores por encima das taxas de reposición (100% de xubilacións e vacantes xurdidas no ano anterior mais o 8% de recuperación de emprego) para que a sanidade pública galega non siga sendo o faroliño vermello de todas as comunidades autónomas e para que se cumpra o Acordo sindical coa Xunta de Galicia de situar a taxa de temporalidade no conxunto do emprego público galego por debaixo do 7%.

UGT, PRIMEIRA FORZA SINDICAL EN ABANCA EN GALICIA

O Sindicato pasa de terceira a primeira forza

Redacción.- UGT, con 29 delegados, pasa a ser a primeira forza sindical en Abanca en Galicia. Así, o Sindicato pasa de ser terceira forza a primeira.

Dende FeSMC-Galicia saúdanse estes bos resultados e agrádecese a confianza depositada polos traballadores desta entidade bancaria, tanto no traballo realizado nos últimos catro anos como no proxecto de futuro que se presenta de cara aos vindeiros anos.

Por provincias, A Coruña conta con 11 delegados; 5 a provincia de Ourense; 11 a de Pontevedra; e 2 a de Lugo.

UGT gaña na seguridade do cárcere de Teixeira

FeSMC tamén informa que se veñen de gañar as eleccións sindicais na concesionaria do servizo de seguridade do cárcere de Teixeira, Sabido Seguridade.



UGT GAÑA A DEMANDA POR DESPEDIMENTO DUN TRABALLADOR DO GUINDASTRE E ORA DE BETANZOS

Redacción.- FeSMC considera que o Concello de Betanzos debe gastar máis enerxías en resolver a precariedade laboral do servizo da ORA e guindastre e menos en iniciar despedimentos inxustificadados

O sector de Transporte de FeSMC-UGT na Provincia da Coruña informou o pasado mes de marzo sobre a grave situación que están a atravesar os traballadores e traballadoras do guindastre e ORA dos concellos da área metropolitana da comarca da Coruña, xa que o Sindicato entende que as concesións públicas municipais non garantían a estabilidade no emprego nin as condicións laborais acordadas e pactadas no convenio colectivo.

Ademais, FeSMC sinala que esta precariedade na prestación do servizo de guindastre e ORA non só afecta ás condicións laborais e ao emprego dos traballadores e traballadoras do sector, senón que tamén, e mesmo en maior medida, aos veciños e veciñas de toda a área metropolitana.

Unha proba fidedigna desta precariedade foi a situación que viviron dous traballadores do guindastre e ORA no Concello de Betanzos. Cando a concesionaria que prestaba o servizo finalizou o contrato, os dous traballadores foron despedidos, negándoselle así o dereito á subrogación.

Aínda así, grazas á valentía dun traballador do servizo, que reclamou a través dos servizos xurídicos de UGT os seus dereitos, o xulgado deulle a razón, declarando o despedimento deste traballador como improcedente e condeando ao Concello de Betanzos á readmisión inmediata do demandante nas mesmas condicións que rexían con anterioridade ao despedimento, ademais do abono dos salarios de tramitación desde a data en que se produciu, ou ben ao abono dunha indemnización por despedimento improcedente.

Noutra orde de cousas, FeSMC informa que no Concello de Arteixo xa se concesionou a través dun novo prego de condicións a prestación do servizo de guindastre e ORA, no cal se melloran substancialmente as condicións do prego anterior.

UGT considera que este cambio a melloras condicións do prego e, por conseguinte, da nova concesión débese á denuncia presentada por este sindicato ante a Inspección de Traballo o pasado día 2 de xuño do 2017



na cal poñíanse de manifesto as irregularidades que se estaban producindo de maneira continuada na prestación do servizo por parte do Concello.

Por último, reiterar que UGT non vai permitir o que se considera un ataque frontal a todo o sector de guindastre e ORA na área metropolitana e, sobre todo, non se vai permitir que, por culpa dalgunhas empresas e dalgúns concellos, un sector que estaba amplamente regulado termine por desaparecer coas consecuencias que isto pode ter para os traballadores, as traballadoras e as súas familias. Só dicir que os últimos acontecementos non fan máis que corroborar que a liña de actuación do Sindicato vai polo bo camiño.

UGT gaña nas ITV da provincia de Pontevedra

Redacción.- UGT ven de gañar as eleccións sindicais nas ITV da provincia de Pontevedra, pasando de segunda a primeira forza sindical no Comité de empresa.

Así, UGT conseguiu 7 delegados e dous foron para CCOO.

Hai catro anos, no 2014, era CCOO a que tiña cinco delegados e UGT catro.

FICA-Galicia saúda estes resultados e agradece a confianza depositada polos traballadores na labor sindical dos últimos catro anos e no proxecto de futuro presentado pola candidatura de UGT neste proceso.

O MOVEMENTO OBREIRO EN GALICIA

Redacción.- Entre o 23 e o 24 de novembro a Fundación Luís Tilve desenvolveu as "Xornadas de Historia: O movemento obreiro en Galicia", que contaron coa colaboración do Concello de Vigo e da Deputación de Pontevedra.

As xornadas, que se levaron a cabo na mesma sala desde cuxo balcón proclamouse a II República na cidade olívica, deron comezo coa presentación do presidente da Fundación, José Benito Núñez, que expuxo os traballos que ven realizando a entidade e explicou os obxectivos das xornadas.

A continuación, tomou a palabra o concelleiro de Emprego, Economía, Industria, Voluntariado e Relacións cos sindicatos do Concello de Vigo, Santos Héctor Rodríguez, quen agradeceu o traballo que a Fundación ven facendo dende 1988 e tivo un especial recordo para o compañeiro e anterior presidente, Suso Mosquera Sueiro.

As conferencias iniciáronse coa intervención do doutor en Economía Xaime Barreiro Gil quen fixo un percorrido polo que significou o movemento obreiro en Galicia, destacando os grandes pequenos logros que os traballadores foron conseguindo, como a xornada de 8 horas, ata a chegada da ditadura franquista, na que Galicia "converteuse nun país á espera, sen saber a onde ía".

A este seguiu unha mesa redonda na que participaron os profesores de historia Rosa María López González, Francisco Javier Quintas Ferreiro; o profesor de lingua e literatura, Roxelio Pérez Poza; e o historiador Emilio Garrido Moreira, que plasmaron as características e circunstancias particulares das organizacións socialistas en cada provincia ga-



lega.

A segunda mesa redonda estivo participada polos doutores en historia, Miguel Cabo Villaverde e Bernardo Máiz Vázquez; e o documentalista e historiador, Eliseo Fernández Fernández; que abordaron os outros movementos organizativos da clase traballadora, presentando, dunha forma sintética, o que significaron en Galicia o agrarismo, o comunismo e o anarquismo, respectivamente.

Finalmente, o doutor en historia, Jesús Manuel García Díaz, explicou o proceso depurador dos mestres durante a ditadura franquista.

O sábado continuouse coas "Xornadas de Historia: O movemento obreiro en Galicia", que se iniciaron coa intervención do doutor en historia e pioneiro do estudo das organizacións socialistas, Manuel González Probados, que fixo un repaso polos avances e as accións levadas a cabo polo movemento obreiro durante a II República, e que supuxeron logros como os seguros de velez, de enfermidade, de maternidade, etc., a tra-

vés dos xurados mixtos.

A este seguiu o historiador Carlos Pereira Martínez, que expuxo a influencia da masonería nas organizacións obreras, que se deu especialmente no ámbito socialista.

Pola súa parte, Fermín Avellaneda Vázquez, autor de diversos traballos de investigación sobre o mundo ferroviario, falou do sindicalismo en dito sector, dende as súas folgas ou a súa prensa, ata os seus líderes ou organizacións, como a "Unión Ferroviaria".

Finalmente, Ana Romero Masiá, desenvolveu a relación entre o galeguismo e o movemento obreiro a través da súa figura máis representativa, Xaime Quintanilla Martínez.

Pechou as xornadas o secretario da Fundación, facendo un resumo das conclusións ás que se chegaron, e o deputado provincial de Promoción Turística, Fomento de Industrias Turísticas e Artesanía e Turismo Rías Baixas, Santos Héctor.

ROTAS AS NEGOCIACIÓNS COA EMPRESA DA ORA DE VIGO

Os traballadores de Dornier manteñen a folga indefinida e o encerro nas instalacións da empresa

Redacción.- O pasado día 27, a petición da empresa, os traballadores da zona azul de Vigo sentáronse co xefe da Inspección de Traballo, como mediador do conflito existente. Nesta primeira xuntanza non se produciu acordo e tivo lugar unha segunda o día 28, tamén sen resultados.

Como consecuencia disto, a Inspección propuxo redactar un laudo de

obrigado cumprimento para as partes, algo que os traballadores aceptaron pero que rexeitou a empresa.

Despois disto, foi convocada unha asemblea para explicarlles aos traballadores todo o acontecido e estes decidiron continuar coa folga indefinida e co encerro nas instalacións da empresa.

FeSMC-Pontevedra manifesta o

seu malestar polo xeito de actuar da empresa que move ficha para que teña lugar a reunión coa Inspección e agora négase a admitir o laudo arbitral.

Ademais, FeSMC fai fincapé en que, despois de 90 días de folga, o Concello de Vigo non amosa abertamente a súa postura neste conflito do que tamén é suxeito directamente afectado.

REXISTRO HORARIO PARA COMBATER A FRAUDE

Redacción.- O secretario de Política Sindical de UGT, Gonzalo Pino, afirmou que o rexistro e control horario é unha proposta acertada, que ten que ver coa esixencia que desde hai anos levamos reivindicando os sindicatos, porque hai unha gran dificultade para saber as horas extraordinarias que pode facer un traballador, cando se descoñecen as horas ordinarias que realiza. É unha medida acordada, importante e que ten que saír adiante”.

Pino, que fixo estas declaracións no programa “As Mañás” de RNE, manifestou que “de 7 millóns de horas extraordinarias que se fan á semana, 3 millóns, nin se pagan, nin se compensan” e iso repercute nos ingresos do traballador, da Seguridade Social e das arcas públicas.

Esta medida ten que facilitar que a Inspección teña un modo de controlar directamente as horas ordinarias e extraordinarias que realiza un traballador ou traballadora, porque haberá unha obrigación legal por parte do empresario para facilitar a información requirida, neste sentido, aos traballadores, aos seus representantes e á propia Inspección de Traballo.

Unha medida que chegará a todas as empresas e a todos os sectores

Pino precisou que nas grandes empresas onde hai representación sindical e, por tanto, unha correlación de forzas, non existe o problema, hai unha situación de normalidade en canto ao control das horas ordinarias e extraordinarias que se realizan.



O rexistro horario afecta directamente ás pequenas e medianas empresas e non ten por que ser un elemento custoso. Pódese introducir este elemento de control, de fichaxe, a través das novas tecnoloxías e a informática.

Pino precisou que non cre que ningún traballador ou traballadora teña problemas en que se saiba cantas horas ordinarias e extraordinarias traballa. O problema pódono ter algúns empresarios que están a obter grandes beneficios, en base á fraude que se está producindo por este asunto, a fraude na xornada de traballo, a fraude na contratación, porque moitos contratos a tempo parcial, en realidade non o son. “É moi difícil acabar coa fraude na contratación que se produce neste país, e iso é o que están a tratar de protexer unha parte importante dos empresarios polos beneficios que lles supón esa forma de traballar”.

Por outra banda, esta norma ten que aplicarse en todos os sectores. A inspección debe coñecer cal é a situación, cantas horas de traballo realízanse en todos

eles, e se se pagan ou se compensan as horas extraordinarias que se realizan.

Protexer ao traballador

Gonzalo Pino sinalou que, aínda que as horas extraordinarias non son obrigatorias, senón voluntarias, nas pequenas e medianas empresas, onde os traballadores teñen unha gran inseguridade pola continuidade do seu emprego, moitos empresarios aproveitan esta situación para impoñer unhas condicións non dignas e obrigan a realizar un número determinado de horas extraordinarias que non pagan. Os traballadores e traballadoras nese escenario teñen moitas dificultades para a denuncia porque iso implica que poidan perder o seu posto de traballo, ou que non se lles renove o seu contrato.

Por tanto, “fai falta un mínimo legal e ese mínimo legal teno que permitir esta norma, pois todos os empresarios terán que cumprila”, concluíu.

A FORMACIÓN, CLAVE PARA O DESENVOLVEMENTO E O CAMBIO DE MODELO PRODUTIVO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, manifestou que “para UGT a formación continua, a formación regrada, a necesidade de poñer en marcha un sistema amplo de formación dual, no noso país, son elementos craves para o desenvolvemento económico, social e, sobre todo, para afrontar os desafíos do cambio produtivo que temos por diante no noso país”.

Álvarez, tras lembrar as dificultades dos últimos anos á hora de poder desenvolver plenamente a formación continua no noso país, advertiu que

na sociedade que vén, traballaremos menos horas, producirase máis e necesitarase moita máis formación. Por iso, seguramente teremos que aproveitar esas menos horas de traballo, para a formación dos traballadores e traballadoras do noso país.

Deseñar e acordar a formación nas empresas e mediante a negociación colectiva

Así mesmo, destacou que é no seo das empresas e mediante a negociación colectiva onde se debe

deseñar e acordar a formación.

O secretario xeral de UGT fixo estas declaracións durante a súa intervención no acto con motivo do 25 Aniversario da posta en marcha das iniciativas de formación para o emprego en España, organizado pola Fundación Estatal para a Formación no Emprego (FUNDAE), e no que tamén interveu o secretario de Formación do sindicato, Sebastián Pacheco, quen participou na mesa redonda: “Pasado, presente e futuro da formación: visión dos axentes sociais”.

A TRANSICIÓN DEBE SER XUSTA E NON DEIXAR A NINGUÉN NO CAMIÑO

Redacción.- O secretario xeral de UGT, Pepe Álvarez, xunto coa secretaria de Saúde Laboral e Medio Ambiente de UGT, Ana García de la Torre, visitaron o Congreso Nacional de Medio Ambiente – CO-NAMA 2018- que nesta edición celebrouse do 26 ao 28 de novembro en Madrid baixo o lema “Rumbo 20.30” e no que o sindicato participou cunha caseta.

Alí, Pepe Álvarez subliñou que “o sindicato comparte plenamente a idea de transición xusta, un concepto relacionado con cambios que se teñen que facer no tempo e que, sobre todo, teñen que ser xustos porque non podemos deixar a ninguén no camiño”.

Álvarez manifestou que o sindicato comparte moitos dos obxectivos que expón o Goberno, pero “o que non ten demasiado sentido é anunciar grandes medidas sabendo que falta moito para chegar a iso”.

“Todo o mundo quere un aire mellor e, desde logo, todos sabemos que hai que ac-

tuar contra o cambio climático e os problemas atmosféricos sen demora pero convén que fagamos os cambios que sexan necesarios pensando na xente e, sobre todo, ir xerando as condicións para que en 2040 ou 2050, efectivamente, esa situación de mellora ambiental, de acabar coas emisións sexa unha realidade e poidamos mellorar o medio ambiente que é o obxectivo final”, sinalou.

Reverter xa a reforma laboral

Preguntado polo informe sobre salarios presentado pola OIT, Álvarez subliñou que “os datos mostran, unha vez máis, a necesidade de que o Goberno empece a tomar decisións de maneira inmediata e reverta canto antes aqueles elementos das reformas laborais que son os causantes desta situación de desastre que está a levar a moitas familias a non poder vivir co que gañan e está a xerar traballadores pobres”.

“Hai moitos traballadores que despois de perder traballos con salarios dignos, teñen que reincorporarse co salario mínimo interprofesional e non podemos permitir esa situación nin esperar máis tempo”, engadiu.

O contrato de substitución debe ter carácter universal

En canto á información publicada sobre un contrato de substitución vinculado á industria, Pepe Álvarez destacou que “o contrato relevo ten que ter un carácter universal e que se debe aplicar a todos os traballadores e traballadoras e non introducirlo só nun sector específico”.

“O contrato relevo non prexudica a ninguén e non é caro, ao contrario, a Seguridade Social vai gañar porque se van a xerar postos de traballo de calidade para traballadores e traballadoras novos nun país con máis do 40% de desemprego xuvenil”, finalizou.

UGT SÚMASE Á CAMPAÑA PARA FREAR O TRATADO COMERCIAL UE-XAPÓN

Redacción.- A Unión Xeral de Traballadores súmase á campaña online “Non aos Tratados de Comercio e Inversión”, exhortando á cidadanía para enviar correos electrónicos aos eurodeputados e as eurodeputadas socialistas (PSOE), do Partido Popular (PP), Cidadáns (Cs), do Partido Nacionalista Vasco (PNV) e do Partit Demòcrata (PDeCAT) pedindo o seu voto negativo ao tratado comercial UE-Xapón na votación que terá lugar o 13 de decembro no Parlamento Europeo.

As organizacións que integran a campaña, entre as que se atopa UGT, comparten unha profunda preocupación polas múltiples ameazas que expón este tratado de comercio e investimento. Un tratado considerado de competencia exclusiva da UE, o que significa que os parlamentos nacionais non poderán opinar, emendar nin ratificar o acordo final.

A campaña denuncia a falta de transparencia nas negociacións comerciais, levadas a cabo en segredo durante case cinco anos, sen consultas con sindicatos nin pequenas e medianas empresas e nas que unha vez máis os lobbies das grandes corporacións e bancos tiveron acceso privilexiado ás negociacións.

A campaña estatal “Non aos Tratados de Comercio e Inversión” presentou unha ferramenta online a través da cal se poden enviar correos electrónicos aos nosos representantes no Parlamento Europeo, pedindo o seu voto negativo ao tratado comercial UE-Xapón.

Nas mensaxes enviadas (<http://www.noaltip.org/noaljefta/>) a eurodeputados e eurodeputadas recóllense algunhas das consecuencias negativas que a xuízo da Campaña traería este acordo comercial:

Potenciais impactos negativos sobre a cantidade e calidade do emprego na UE, especialmente en sectores como a fabricación de coches nos que Xapón é unha potencia mundial.

Aumento da influencia das empresas transnacionais nos procesos legislativos.

Máis facilidades para a liberalización e privatización de servizos públicos como a xestión pública de hospitais, escolas, auga ou transporte público.



Redución da capacidade para loitar contra a especulación financeira.

Redución da privacidade e facilidades ao comercio de datos persoais.

Profundización da crise ambiental global: o acordo reduce a protección fronte á contaminación con químicos tóxicos, incentiva a agricultura industrial insustentable e permite a Xapón continuar coa caza de baleas, incumprindo acordos internacionais.

Agravamento do cambio climático: aínda que o JEFTA menciona o Acordo Climático de París nun dos seus capítulos, o tratado carece de disposicións vinculantes.

Este tratado é un exemplo paradigmático das malas políticas comerciais que leva a cabo a UE con gran opacidade e ausencia de participación cidadá.

A VIOLENCIA DE XÉNERO NON É UN NEGOCIO

Redacción.- A vicesecretaria xeral de UGT, Cristina Antoñanzas, afirmou que “para UGT a violencia de xénero non é un negocio. É urxente apostar por empregos con dereitos, salarios de calidade e condicións de traballo dignas para as traballadoras dos servizos de atención á violencia de xénero. Un servizo marcado polas políticas de austeridade e recorte e o triunfo dos postulados da nova xestión pública (impulsando a privatización e a subcontratación), que supuxo empregos precarios, externalización de servizos, condicións de traballo indignas e un empeoramento da saúde laboral das traballadoras”.

Cristina Antoñanzas realizou estas declaracións durante a rolda de prensa de presentación do estudo “Isto non é un negocio. A precariedade laboral nos servizos externalizados de atención á violencia de xénero”, elaborado por UGT.

Unha investigación baseada nas traballadoras do 016 e o Centro de Control de Medidas Telemáticas (COMETA), que reflicte como a mala calidade do emprego nestes servizos está a deteriorar a atención ás vítimas de violencia de xénero.

“971 mulleres asasinadas por violencia de xénero desde 2003; máis de 13.000 violacións entre 2008 e 2017; e máis de 1,5 millóns de denuncias por violencia de xénero desde 2007 esixen que non se escatimen recursos nestes servizos”, sinalou Antoñanzas.

Neste sentido, demandou “servizos de calidade e estatais, que impliquen empregos e salarios dignos”. E, para iso, propuxo, en primeiro lugar, “que a Administración Xeral do Estado inicie de inmediato o proceso de prestación directa destes servizos en canto conclúan os contratos que xa están subscritos, para mellorar os niveis de emprego e salarios”.

Ademais, mentres estes contratos estean subscritos, Antoñanzas esixiu “exercer desde a Delegación de Goberno para a Violencia de Xénero a función de control dos contratos, designando os recursos e establecendo as directrices necesarias; crear unha Comisión de Control das Externalizacións dentro do Observatorio de Violencia de Xénero, que promova a avaliación do impacto na calidade do emprego e dos servizos dos procesos de externalización en marcha, así como a publicación dos seus resultados; garantir que os servizos se presten por persoal cualificado en violencia de xénero, categorizado e remunerado como tal. Débese recategorizar ao persoal de maneira que non se encu-



bran traballos cualificados baixo categorías profesionais non cualificadas; e reformular a avaliación do desemprego do persoal baixo criterios acordos aos estándares profesionais de intervención en violencia de xénero e de calidade dos servizos públicos nesta materia, e non dos call centers privados”.

“Esta investigación é só a punta do iceberg dun problema máis amplo”, afirmou, “a calidade do emprego e dos servizos públicos de violencia de xénero. A segunda fase deste proxecto, como reto para 2019, incluírá a precariedade laboral nos servizos sociais de atención á violencia de xénero autonómicos, municipais e locais. É fundamental que estes servizos sexan de calidade”.

A externalización precariza o emprego

A secretaria de Igualdade de FeSMC-UGT, Vanesa Barco, reclamou a necesidade de “sumar forzas para buscar solucións para estas traballadoras, que son a columna vertebral da axuda ás mulleres que sofren a violencia de xénero neste país”.

“Tanto o 016 como o Centro COMETA atópanse externalizados, o primeiro desde 2007 e o segundo desde 2009. O estudo de UGT demostra que a externalización é un factor de precarización do emprego nestes servizos”, manifestou.

Por varios motivos. Primeiro, “a temporalidade do contrato entre a administración pública e a empresa externa que presta o servizo público impacta negativamente na estabilidade do emprego das traballadoras e dispara a contratación temporal (en abril de 2018, o 51% das traballadoras do Centro COMETA eran temporais); segundo, os convenios colectivos que se aplican establecen condicións de

traballo peores que se o empregador fose a Administración Xeral do Estado (AXE); e terceiro, as empresas recorren abusivamente a categorías profesionais non cualificadas para soste o servizo, aforrando en custos laborais ás costas das traballadoras”.

Nin aumenta a calidade do servizo nin é máis eficiente

Pola súa banda, a investigadora do estudo, Marta Cabezas, sinalou que a externalización deste servizo “nin aumenta a calidade do mesmo nin o fai máis eficiente”.

Neste sentido, manifestou que “os procesos de xestión da calidade destes servizos réxense polos métodos do call center, cuxos obxectivos distan moito dos servizos de atención á violencia de xénero. As empresas que levan esta externalización non están especializadas na violencia de xénero e os seus obxectivos empresariais non están aliñados cos obxectivos das políticas públicas”.

Algo que está a xerar moita desafección entre as traballadoras do sector, “ademais de problemas de tensións e ansiedade por ter que chegar a unhas cifras coma se fosen meras teleoperadoras, producindo unha perda de calidade do servizo”.

“Aínda que o traballo realícese a través de tecnoloxías da información, como é o teléfono, isto non é sinónimo de que se trate de traballo non cualificado”, denunciou. “Tanto o grao de complexidade como de responsabilidade dos traballos de atención ás usuarias destes servizos require de persoal cualificado. Con todo, está a encubrirse traballo cualificado baixo categorías profesionais non cualificadas, co consecuente descenso nas remuneracións e cotizacións”.